

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HAN DE REXERÁN O CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE PISCINA, CUBERTA E DESCUBERTAS, DO CONCELLO DE ARZÚA POR PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VENTAXOSA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

Cláusula 1ª.- PODER ADXUDICADOR

Cláusula 2ª.- OBXECTO DO CONTRATO.

Cláusula 3ª.- EXISTENCIA DE CRÉDITO E VARIANTES.

Cláusula 4ª.- RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Cláusula 5ª.- PUBLICIDADE DA LICITACIÓN.

Cláusula 6ª.- NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO.

Cláusula 7ª.- DURACIÓN DO CONTRATO.

Cláusula 8ª.- RÉXIME ECONÓMICO DO CONTRATO.

Cláusula 9ª.- AMPLIACIÓN OU REDUCIÓN DO SERVIZO.

Cláusula 10ª.- FORMA DE PAGO E CONTROL DE INGRESOS.

Cláusula 11ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Cláusula 12ª.- GARANTÍA PROVISIONAL.

Cláusula 13ª.- GARANTÍA DEFINITIVA.

Cláusula 14ª.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS DOS LICITADORES.

Cláusula 15ª.- CRITERIOS BASE PARA A ADXUDICACIÓN.

Cláusula 16ª.- MESA DE CONTRATACIÓN.

Cláusula 17ª.- APERTURA DE PLICAS E CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

Cláusula 18ª.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

Cláusula 19ª.- ADXUDICACIÓN.

Cláusula 20ª.- PERFECCIONAMIENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Cláusula 21ª.- DEVOLUCION DE FIANZAS.

Cláusula 22ª.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

Cláusula 23ª.- GASTOS E CARGAS FISCALES.

Cláusula 24ª.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES.

Cláusula 25ª.- REVISIÓN DE PREZOS.

Cláusula 26ª.- REVERSIÓN.

Cláusula 27ª.- EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Cláusula 28ª.- RÉXIME SANCIONADOR.

Cláusula 29ª.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.

Cláusula 30ª.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN. REVISIÓN DE DECISIÓN E TRIBUNAIS COMPETENTES.

Anexo I. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS.

Anexo II. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR.

Anexo III. AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE ARZÚA.

Anexo IV. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

Anexo V. AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN.

Anexo VI. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS.

## **CLÁUSULAS**

### **CLÁUSULA 1ª.- PODER ADXUDICADOR.**

Nome Oficial: CONCELLO DE ARZÚA

Dirección postal: RÚA SANTIAGO, 2

Localidade: ARZÚA (A CORUÑA) -País: ESPAÑA -C. Postal: 15810

Páxina web: www.concellodearzua.com

### **CLÁUSULA 2ª.- OBXECTO DO CONTRATO:**

É obxecto do contrato adxudicar mediante procedemento aberto a xestión indirecta do servizo público da piscina municipais, cuberta e descubertas, do Concello de Arzúa, mediante concesión administrativa e na forma detallada no presente prego de cláusulas administrativas e no prego de prescricións técnicas, obrigándose o adxudicatario a prestar os servizos de salvamento acuático, socorrismo e primeiros auxilios, ensinanza da natación e actividades dirixidas en seco e en agua, recepción, e control de acceso, limpeza xeral das instalacións, praia, vaso, e accesos interiores e en xeral do edificio e instalacións e compoñentes inherentes ao mesmo, así como o control e mantemento co alcance que posteriormente se dirá.

Inclúense nas instalacións os vasos de piscina (interior e exteriores) e vestiarios, salas de musculación e fitness, ximnasio, saunas, solárium, sala de fisioterapia, despachos e almacéns, zonas comúns e espazos de Praia e axardinados.

Serán partes integrantes do contrato:

- O presente prego de cláusulas administrativas particulares cos seus anexos.
- O prego de condicións técnicas cos seus anexos.
- A oferta achegada coas prescricións establecidas polo Concello.

Estes documentos deberán ser firmados polo adxudicatario, en proba de conformidade, no acto mesmo da formalización do contrato.

O obxecto do contrato corresponde aos seguintes códigos da nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades CPA-2008, aprobada polo Regulamento (CE) N° 451/2008, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2008:

\*(93.11.1) Servizos de xestión de instalacións deportivas.

### **CLÁUSULA 3ª.- EXISTENCIA DE CRÉDITO E VARIANTES.**

Non se admitirán variantes. Os licitadores deberán presentar unha oferta única non admitíndose a presentación de variantes sobre a mesma.

O crédito orzamentario preciso para atender as obrigas económicas do Concello que se deriven desta contratación habilitarase na aplicación orzamentaria anual de NOVENTA E OITO MIL SEISCENTOS EUROS (98.600,00-€) a partir do ano 2018.

Ao tratarse dun contrato de execución plurianual, o Concello asume formalmente o compromiso e a obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios, e ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.

Así, nos orzamentos municipais do exercicio 2018 e ata o exercicio 2027 deberá consignarse a contía máxima de NOVECIENTOS SEIS MIL EUROS (986.000,00-€) na aplicación orzamentaria antes detallada.

#### **CLÁUSULA 4ª.- RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

Este contrato de concesión de xestión de servizos públicos rexeráse polas disposicións do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP); polo contido do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non sexa contrario ao TRLCSP; pola lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; polo texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986; polo Regulamento de servizos das corporacións locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955; polas cláusulas contidas neste prego de cláusulas administrativas particulares e no de condicións técnicas.

No que non estea previsto na normativa de contratación pública e nos pregos, o contrato rexeráse polas normas do dereito privado.

O servizo cuxas prestacións son obxecto do presente prego ten o carácter de servizo público de competencia municipal, de conformidade co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que no artigo 25, nº2, Letra l) establece como competencia municipal as relativas a actividades deportivas e de tempo libre.

Declarase expresamente que as actividades obxecto do citado servizo quedan asumidas polo Concello como propias do mesmo.

Titularidade e Xestión do servizo:

O Concello é titular do servizo obxecto do presente prego, cuxa xestión efectuarase de forma indirecta mediante a modalidade de concesión, ostentando o dito servizo, en todo momento, a cualificación de servizo público de competencia e titularidade municipal, o que xustifica o control da súa xestión e a inspección do servizo en todo momento polo Concello, conservando este os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate, así como, entre outras potestades, a de interpretar, modificar e rescindir o contrato unilateralmente por causas de interese público.

Situación do concesionario.

O concesionario, durante o prazo de vixencia da concesión, desenvolverá a actividade na que o servizo público consiste, ao serlle transferida unha esfera de actuación orixinalmente administrativa, polo que aparece revestido de facultades para a xestión do servizo, que se lle outorga salvando os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiro, pero con dereito á

protección administrativa para prestar o servizo.

Forma de adxudicación e Órgano Municipal Competente.

O presente contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, de conformidade co disposto no artigo 157 e seguintes do TRLCSP e a súa normativa de desenvolvemento.

O Pleno é o órgano do Concello competente para esta contratación, ostentando a facultade para adxudicar o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modifícalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos de esta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación diante da xurisdición competente.

#### **CLÁUSULA 5ª.- PUBLICIDADE DA LICITACIÓN.**

O anuncio de licitación da presente contratación publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante deste Concello, de conformidade co disposto no artigo 142 do TRLCSP.

No perfil do contratante, situado na páxina de Internet [www.concellodearzua.com](http://www.concellodearzua.com) publicarase a información relativa ao presente procedemento esixida pola normativa vixente.

#### **CLÁUSULA 6ª.- NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO:**

A tódolos efectos, este contrato considerase administrativo e enténdese celebrado a risco e ventura do adxudicatario.

A adxudicación da concesión implicará a transferencia ó concesionario dun risco operacional na explotación do servizo abarcando o risco da demanda ou o de suministro, ou ámbolos dous.

O contrato que se perfeccione constituirá unha concesión administrativa para a subseguinte xestión do servizo público de piscinas municipais, cuberta e descubertas; conforme ao previsto no TRLCSP e no art. 113.a do Regulamento de servizos das corporacións locais.

#### **CLÁUSULA 7ª.- DURACIÓN DO CONTRATO.**

A concesión outorgarase por un prazo de DEZ (10) ANOS, a contar dende a data de inicio da prestación do servizo, data que se acreditará mediante acta subscrita polo Concello e o contratista. A acta deberá subscribirse no prazo máximo de quince días naturais a contar dende o seguinte ao da firma do contrato.

Dito prazo será prorrogable ata dous (2) anos, sendo as prórrogas, no seu caso de 1 en 1 anos. O dereito a estas prórrogas estará supeditado a aprobación polo concello de Arzúa a solicitude do concesionario, que deberá presentala nos últimos seis (6) meses do prazo inicial ou das prórrogas xa concedidas.

O concesionario deberá comezar a prestación do servizo ao día seguinte ao da firma da acta

citada no parágrafo anterior, e axustarase ao establecido no prego de prescricións técnicas particulares.

O caso de vencemento normal do contrato, ou anormal pola súa resolución ou declaración de caducidade, para garantir a continuidade do servizo o órgano de contratación poderá acordar que o concesionario continúe na xestión do servizo ata que o novo adxudicatario se faga cargo do servizo ou a asuma directamente o Concello.

En todo caso, o Concello resérvase o dereito de rescatar a concesión, antes do seu vencemento, se o xustificasen circunstancias de interese público.

## **CLÁUSULA 8ª.- RÉXIME ECONÓMICO DO CONTRATO.**

O réxime económico aplicable o presente contrato ven determinado polos seguintes conceptos:

8.1 O valor estimado da concesión é de CATRO MILLÓNS TRESCENTOS VINTECATRO MIL DOUSCENTOS VINTESEIS CON CINCUENTA E DOUS EUROS (4.324.226,52-€).

8.2 O prezo da concesión é de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS OITENTA E OITO MIL CATROCIENTOS SETENTA E CATRO EUROS (2.888.474,00-€).

8.3 Subvención a satisfacer ó Contratista polo Concello de Arzúa (canon non suxeito a IVE): para a presente licitación fíxase unha subvención a satisfacer ó Concesionario polo Concello de NOVENTA E OITO MIL SEISCIENTOS EUROS ANUAIS (98.600,00-€). A revisión da subvención, entendida como revisión de prezos, non procederá de conformidade co Real Decreto 55/2017, de 3 de febrero, polo que se desenvolve a Lei 2/2015 de 30 de marzo, de Desindexación da economía española.

8.4 Tarifas. As tarifas que deberán satisfacer os usuarios polos servizos que ofrezca o concesionario serán as que figuran no presente prego e no de prescricións técnicas. As tarifas haberán de basearse en costes reais, tendo en conta a conservación, amortización das inversións, custes de reposicións, beneficio empresarial, etc. Cada tarifa presentarse debidamente desglosada. A tal efecto deberán así consignarse no plan de explotación integral. A revisión das tarifas, entendidas como revisión de prezos, non procederá de conformidade co Real Decreto 55/2017, de 3 de febrero, polo que se desenvolve a Lei 2/2015 de 30 de marzo, de Desindexación da economía española.

<b>ABONOS</b>	<b>PVP</b>	<b>€ (sen IVE)</b>		
MATRÍCULA	13,55 €	11,20 €		
INDIVIDUAL (22 a 60 anos)	21,50 €	17,77 €		
FAMILIAR TITULAR	21,50 €	17,77 €		
Cónxuxe	4,20 €	3,47 €		
Fillo 0-5 anos	Gratis	Gratis		
Fillo 6-17 años	4,20 €	3,47 €		
3º Fillo	Gratis	Gratis		
3º IDADE (Maior 60 anos)	18,10 €	14,96 €		
FAMILIAR 3º IDADE TITULAR	21,50 €	17,77 €		
incluye Conxuxe >65 anos				
XOVEN (16 a 21 anos)	18,10 €	14,96 €		
MAÑAS	18,10 €	14,96 €		
<b>CURSOS DE NATACIÓN</b>	<b>PVP</b>	<b>€ (sen IVE)</b>		
INICIACIÓN	64,50 €	53,31 €		
PERFECCIONAMENTO	64,50 €	53,31 €		
TERAPÉUTICA (2 DÍAS)	64,50 €	53,31 €		
TERAPÉUTICA (3 DÍAS)	84,80 €	70,08 €		
<b>ENTRADA PISCINA CLIMATIZADA</b>	<b>Tempada</b>		<b>Verán (15 xuñ/15 sep)</b>	
	<b>PVP</b>	<b>€ (sen IVE)</b>	<b>PVP</b>	<b>€ (sen IVE)</b>
ENTRADA INDIVIDUAL ADULTO	3,40 €	2,81 €	4,60 €	3,80 €
ENTRADA <18 ANOS	2,25 €	1,86 €	4,60 €	3,80 €
ENTRADA >60 ANOS	2,25 €	1,86 €	4,60 €	3,80 €
BONO 12 SESIÓN	35,00 €	28,93 €	48,00 €	39,67 €
<b>ENTRADA PISCINAS DE VERÁN</b>	<b>PVP</b>	<b>€ (sen IVE)</b>		
ENTRADA <7 y >65 ANOS	Gratis	Gratis		
ENTRADA XOVEN 7 -14 ANOS	2,30 €	1,90 €		
ENTRADA INDIVIDUAL 14-65 ANOS	3,40 €	2,81 €		
BONO 10 (<14 ANOS)	10,20 €	8,43 €		
BONO 20 (<14 ANOS)	13,55 €	11,20 €		
BONO 10 (>14 ANOS)	13,55 €	11,20 €		
BONO 20 (>14 ANOS)	17,00 €	14,05 €		
BONO TEMPADA (<14 ANOS)	17,10 €	14,13 €		
BONO TEMPADA (>14 ANOS)	20,25 €	16,74 €		
BONO TEMPADA FAMILIAR	22,60 €	18,68 €		

O concesionario asumirá tódolos custos que se deriven da xestión do servizo público contratado. O concesionario terá dereito a percibir as seguintes cantidades en concepto de ingreso:

a) As cantidades que en concepto de tarifas estableza a Ordenanza vixente, reguladora das tarifas pola prestación do servizo concedido.

b) O concesionario terá dereito á percepción dos ingresos derivados da venda ou aluguer de material deportivo, indicado en prego técnico, nas instalacións. Así mesmo terá dereito á percepción dos ingresos derivados da prestación de servizos complementarios sempre que sexa aprobado previamente polo Concello de Arzúa.

c) O concesionario terá dereito á percepción dunha subvención do concello a favor do concesionario para sufraga-los custos de explotación nunha contía de NOVENTA E OITO MIL SEISCENTOS EUROS (98.600,00-€). O importe da subvención á explotación ou contraprestación anual a percibir polo contratista adxudicatario mellorable á baixa nos termos indicados no Anexo (Modelo de proposición económica) ó presente prego, quedará fixado no momento da adxudicación, polo que deberá entenderse NON SUXEITA a IVE en base ó disposto no artigo 7 e 78 da ley 37/1992 de 28 de decembro, reguladora do Imposto sobre o Valor Engadido. Para períodos inferiores ó ano, a citada subvención prorratearase por días naturais. Esta subvención será liquidada por anualidades vencidas.

O Concello poderá organizar competicións ou actividades de promoción deportivas, ben sexan de élite ou non, por convenio ou concerto, con entidades públicas ou privadas sen prexuízo de valorar se teñen lugar as repercusións que se puideran producir sobre o equilibrio económico da concesión, cuxa valoración se levará a cabo de forma contraditoria, exclusivamente no que se refire a este parágrafo.

O concesionario ten a obrigatoriedade de subrogar ao persoal traballador que actualmente presta o servizo nesta instalación obxecto do contrato o cal se detalla neste prego e no prego de prescricións técnicas particulares.

Identificador	Categoría	Categoría	Tipo	Inicio	Antigüedad	%Jornada	S.Base	Seg. Social	Coste total
CAVIB	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Ordinario Indefinido T.C.	1/11/13	1/10/08	100	10.628,50 €	5.925,84 €	22.602,77 €
REFEMT	GRUPO 5	Limpiador	Ordinario Indefinido T.P.	1/11/13	1/10/08	57,5	6.377,49 €	3.669,06 €	14.820,94 €
PAMAMC	GRUPO 5	Limpiador	Ordinario Indefinido T.P.	1/11/13	16/9/10	57,69	6.398,56 €	3.496,51 €	14.123,86 €
VAPUML	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Ordinario Indefinido T.C.	1/11/13	16/9/09	100	11.492,55 €	5.809,95 €	23.572,02 €
COVAE	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Indefinido T.P. - Transformación	1/10/15	14/1/12	84,2	9.125,23 €	4.154,53 €	16.858,33 €
SAMOMJ	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Indefinido T.P. - Transformación	1/10/15	15/6/12	86,84	9.201,28 €	4.323,43 €	17.464,55 €
LVAJMJ	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Indefinido T.P. - Transformación	9/11/15	24/10/13	79	9.079,14 €	3.753,82 €	15.163,52 €
FEMET	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Duración Determinada T.P. - Obra o Servicio	1/10/17	1/10/17	39,47	4.614,51 €	2.310,55 €	9.288,69 €
						<b>6,047 pers.</b>	<b>66.917,26 €</b>	<b>33.443,69 €</b>	<b>133.894,68 €</b>

Co obxectivo de facilitarlle ó contratista adxudicatario todos os medios a disposición para a xeración dos ingresos necesarios para manter o equilibrio económico da concesión o adxudicatario, sempre que sexa aprobado polo Concello de Arzúa, poderá explotar os dereitos de publicidade estática tanto no exterior coma no interior das instalacións, ou calquera outra explotación económica relacionada co marketing, Publicidade e promoción en xeral tanto de actividades periódicas coma excepcionais, eventos, etc, sempre e cando sexa aprobado previamente polo Concello de Arzúa.

Os labores que impliquen exercicio de autoridade ou labores de policía quedan reservadas para o persoal funcionario do Concello, sen prexuízo de que se o adxudicatario o precisase,

por exemplo, para manter a orden pública nas instalacións, terá dereito a solicitar e obter a protección necesaria por parte do Concello titular do servizo.

Os gastos que se deriven do procedemento de adxudicación e das publicacións da licitación serán por conta exclusiva do concesionario.

A memoria xustificativa dos custos do servizo deberá ter, no seu caso, a seguinte desagregación de gastos:

- Gastos de consumos enerxéticos.
- Gastos de auga, lixo e sumidoiro
- Persoal
- Subministración
- Produtos de limpeza e produtos químicos. Mantemento e conservación.
- Publicidade.
- Amortización e investimento.
- Seguros.
- Administración e varios.
- Gastos xerais, beneficio industrial e I.V.E. ao tipo legal.
- Calquera outro gasto que o licitador considere necesario.

#### **CLÁUSULA 9ª.- AMPLIACIÓN OU REDUCCIÓN DOS SERVIZOS CONTRATADOS.**

De conformidade co artigo 282 do TRLCSP, durante o prazo de vixencia do contrato, o Concello de Arzúa poderá esixir do adxudicatario a modificación, ampliación ou redución dos servizos contratados.

A ampliación dos servizos conforme a oferta, no caso de que supoña un aumento dos medios a utilizar ou modifique sensiblemente a súa organización, implicará unha compensación a favor do concesionario nos termos establecidos polo artigo 282 do TRLCSP, para o cálculo desas posibles compensacións teranse en conta os prezos unitarios vixentes en cada momento. De non existir prezos unitarios para traballos obxecto de ampliación, redactaranse as oportunas actas de prezos contraditorios.

As ampliacións e reducións dos servizos conforme a oferta, comunicaranse ao adxudicatario, previo informe xustificativo dos servizos municipais, acerca da conveniencia de levarse a efecto e debendo terse en conta o equilibrio económico da concesión.

En canto á determinación dos aumentos a aplicar, entenderase que proceden cando se poida demostrar polo contratista e sexa aceptado pola corporación municipal, que non resulta posible a ampliación do servizo sen aumento dos recursos humanos e materiais, e se iso é así, o prezo aumentará só na medida necesaria para sufragar dito aumento de medios e a porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial incluídos na oferta do adxudicatario.

#### **CLÁUSULA 10ª.- FORMA DE PAGO E CONTROL DE INGRESOS.**

As tarifas a pagar polos usuarios dos servizos e instalacións, determinaranse polo Concello de Arzúa na forma regulada neste prego, así como as condicións xenéricas de admisión ás instalacións e réxime de uso das mesmas.



A recadación das tarifas a pagar polos usuarios, realizarase polo concesionario, baixo os principios de seguridade e transparencia e coa emisión en todo caso de xustificante documental dos pagos producidos, quedando suxeito o concesionario no desempeño deste labor recadatorio ás circulares ou instrucións de servizo que emanen do concello concedente.

O concesionario deberá permitir en todo momento a auditoría e o control do proceso de recadación por parte do Concello de Arzúa, abarcando, entre outros aspectos, o referido control a verificación dos procesos operativos, programas informáticos utilizados na xestión e movementos de tesourería xerado polo proceso recadador. O Concello poderá determinar as utilidades informáticas ou mecánicas a utilizar no proceso recadador e en todo caso previa verificación completa dos que pretenda utilizar o concesionario.

Para o cobro de tarifas o concesionario poderá utilizar os seus propios medios persoais e materiais, ou recorrer á colaboración de entidades bancarias para o cobro e xestión dos prezos públicos que se apliquen en cada caso en virtude das tarifas de aplicación.

Cando o concesionario utilice os seus propios medios materiais e persoais na sede das instalacións ou en outro lugar designado, utilizará para o cobro de tarifas medios informatizados. Tódolos medios utilizados poderán ser auditados en todo momento no seu proceso operativo e de programación polo concello concedente e estarán preparados para subministrar información diaria detallada e precisa do proceso de cobro, debendo estar conectados a unha base de datos informática.

O concesionario deberá someter a aprobación do Concello, tanto os modelos xustificativos do pago a facilitar aos usuarios como os acreditativos do pago das tarifas.

Así mesmo, o concesionario poderá ser asistido na súa función recadadora mediante colaboración con entidades bancarias, dando conta ao Concello dos sistemas utilizados, para a súa aprobación se procede.

#### **CLÁUSULA 11ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.**

Poderán contratar coa administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas o estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non estean comprendidas en algunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP como prohibicións de contratar, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP. As empresas non españolas de estados membros da Unión Europea, deberán acreditar a súa capacidade de obrar na forma prevista no artigo 72 do TRLCSP.

Os licitadores deberán acreditar, ademais, a súa solvencia económica, financeira e técnica nos termos recollidos na cláusula 14ª do presente prego.

Os que contraten coa Administración poderán facelo por si ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para elo.

## **CLÁUSULA 12ª.- GARANTÍA PROVISIONAL.**

De conformidade co disposto no artigo 103.1 da TRLCSP, para participar na licitación non será necesaria a constitución dunha garantía provisional.

## **CLÁUSULA 13ª.- GARANTÍA DEFINITIVA.**

Unha vez notificada a adxudicación do contrato, o adxudicatario estará obrigado a constituír a fianza definitiva por importe equivalente ó 5% do importe do contrato (importe do contrato: 2.888.474,00-€), que poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, e por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas nos artigos 96 e 97 do TRLCSP e 55 e seguintes do Regulamento xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería da Corporación.

Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o valor do mesmo, reaxustarase a garantía no prazo de quince días hábiles contados dende a data en que se notifique ó adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 do TRLCSP e no artigo 60 do Regulamento xeral da LCAP.

No prazo de quince días hábiles, contado dende a data en que se fagan efectivas, no seu caso, as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía constituída na contía que corresponda, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

A constitución e devolución de garantía definitiva conleva o pagamento da correspondente taxa de expedición relativa a constitución, substitución de avais.

## **CLÁUSULA 14ª.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.**

### **14.1.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS DOS LICITADORES.**

A presentación de proposicións presume por parte do empresario a aceptación incondicional deste prego, sen salvidade algunha.

Para participar no procedemento de contratación, o licitador deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de 9:00 a 13:30 horas de luns a venres, dentro do prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES seguintes á publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ou no Diario Oficial de Galicia, tres (3) sobres pechados (A, B e C) coa documentación que se especifica a continuación, indicando en cada un deles o título do contrato ao que concorre, nome e apelidos de quen firme a proposición e o carácter co que o fai, así como un domicilio, teléfono e fax a efectos de notificacións, todo elo de forma lexible. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

O licitador tamén poderá enviar os sobres a que se refire o parágrafo anterior por correo, dentro do prazo de admisión expresado no anuncio. Neste caso o licitador xustificará a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciará ao Órgano de Contratación a remisión da oferta, mediante télex, telegrama ou telefax no mesmo día e dentro do mesmo horario de presentación de ofertas. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición, se é recibida con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio. Non obstante, transcorridos dez días naturais seguintes á data indicada sen terse

recibido a documentación de referencia, esta non será admitida en ningún caso.

LICITADORES: Conforme ao art. 54 e seguintes do TRLCSP, poderán presentar proposicións e ser licitadores, as persoas naturais e xurídicas, española o estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional de acordo coa cláusula 14ª.2 do presente prego.

Os licitadores deberán contar coas habilitacións empresariais e profesionais que sexan precisas para as actividades obxecto do presente contrato e para o caso das persoas xurídicas, só poderán ser adxudicatarias do contrato aquelas cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos seus fins, obxecto o ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais lles sexan propios.

A estes efectos, no suposto de que liciten persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderá terse en conta a solvencia das sociedades pertencentes ao grupo, sempre e cando aquelas acrediten que teñen efectivamente a libre e plena dispoñibilidade dos medios necesarios das sociedades do grupo para a execución do contrato.

Poden presentar ofertas como licitadores as persoas físicas ou xurídicas individual, ou conxuntamente con outros, sen que sexa necesario que no caso de oferta conxunta exista entre eles, ata que non se produza a adxudicación, ningunha modalidade xurídica de asociación. As empresas que conxuntamente presentaran oferta ao presente procedemento serán solidariamente responsables fronte ao Concello de Arzúa.

Cando presente oferta unha persoa física, estará obrigada, en caso de resultar a adxudicación ao seu favor, a constituír unha sociedade unipersonal, e elo sen prexuízo da responsabilidade solidaria a que se refire o parágrafo seguinte, entre a referida persoa física e a sociedade constituída.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión con outros se o fixo individualmente, ou participar en máis dunha agrupación de licitadores. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas subscritas polo licitador.

De conformidade co art. 63 do TRLCSP, os licitadores poderán basearse na solvencia e medios doutras entidades, sempre que demostre por calquera medio válido en dereito que á data de execución do contrato disporá efectivamente deses medios.

Poderán, así mesmo presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente ao efecto (U.T.E.), sen que sexa precisa a formalización das mesmas en escritura pública ata que resulten adxudicatarias do contrato, e conforme se estipula no art. 59 do TRLCSP.

A presentación de proposicións supón por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego, do prego de prescricións técnicas particulares e restantes documentos de carácter contractual, e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co Concello de Arzúa.

Os participantes non adquirirán ningún dereito fronte ao Concello de Arzúa polo feito de participar no procedemento aberto de adxudicación.

Os licitadores, pola súa simple participación, recoñecen ao Concello de Arzúa o dereito á utilización en calquera proxecto, estudo ou documento, dos coñecementos e información técnica contida na súa oferta, así como á su copia e difusión, quedando exonerado de todo débito e responsabilidade respecto á propiedade intelectual ou industrial, ou ó quebranto de segredo, con carácter limitado á realización destas obras, en cuxos prezos vai incluída, no caso de ser adxudicatario. Os licitadores incluírán nos prezos das súas ofertas tódolos documentos en concepto de propiedade intelectual ou industrial, propia o allea, que poidan afectar a parte o á totalidade tanto da oferta base e posibles variantes presentadas. Así mesmo subróganse na responsabilidade na que o Concello de Arzúa puidese incorrer incluíndo nos seus pregos ou anteprojectos básicos elementos, sistemas ou procesos sometidos a dereitos ou patentes.

#### Solvencia:

- **Solvencia Económica e Financeira:** Documentos que acrediten a súa solvencia económica e financeira, por algún dos medios establecidos no art. 75 do TRLCSP. Establécese como requisito mínimo a acreditación no ano de maior facturación dos últimos 3 de un volumen de negocios, en actividades análogas ás do obxecto do contrato, por importe equivalente á subvención anual prevista neste prego multiplicado polos anos de contrato tamén previstos neste prego. (986.000,00€).
- **Solvencia Técnica ou Profesional:** Documentos xustificativos da solvencia técnica dos licitadores, mediante unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco (5) anos, que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos. Dos principais contratos acompañarase certificación da administración ou entidade contratante. Establécese como requisito mínimo a acreditación da prestación de dous (2) servizos similares nos últimos 5 anos.

A proposición e documentación pertinente entregárase en sobres ou contedores pechados, a satisfacción do presentador, a cuxo efecto el mesmo poderá lacrar, precintar ou adoptar, respecto aos ditos, cantas medidas estime necesarias ao seu dereito. Neles figurará a seguinte descrición:

"PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACION DA CONCESION DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS PISCINAS, CUBERTA E DESCUBERTAS DO CONCELLO DE ARZUA".

#### 14.2.- DOCUMENTACIÓN

En cada plica incluíranse os seguintes documentos:

##### **SOBRE A: Documentación Administrativa.**

No Sobre A figurará a seguinte documentación:

- - Declaración responsable nos termos do **ANEXO I** deste prego, debidamente cuberta e asinada.
- - No seu caso, autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación. Axustarase ao modelo establecido no **ANEXO II**.
- - No seu caso, autorización para cesión de información relativa a inexistencia de débedas pendentes co

Concello de Arzúa. Axustarase ao modelo establecido no **ANEXO III**.

• - No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles deberá cubrir o **ANEXO I**, incluíndo ademais unha declaración responsable suscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figurarán:

a) o nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen.

b) a participación de cada un na unión a constituír.

c) a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

d) o representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo.

- No seu caso, unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

#### **SOBRE B: Documentación Técnica.**

O Sobre B levará a mesma inscrición que o primeiro, pero co subtítulo de "SOBRE B

- DOCUMENTACIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA", e nel incluíranse os seguintes documentos:

Proxecto de xestión:

-Organigrama funcional organizativo.

-Plan económico e financeiro de explotación.

-Plan de recursos humanos concreto. O plan deberá de presentarse referido á especificidade e características das instalacións.

-Plan de mantemento das instalacións. O plan deberá de presentarse referido a especificidade e características das instalacións e dos equipamentos e maquinaria existente no inmovible, indicando as gamas concretas de mantemento preventivo referidas a eses equipamentos coa asignación temporal necesaria para cada un dos equipos existentes, así coma os equipamentos que o licitador propoña na súa oferta.

-Plan de limpeza das instalacións. O plan deberá de presentarse referido a especificidade e características das instalacións, dos distintos espazos e materiais do inmovible, indicando en cada caso a distribución semanal de tempos e recursos de limpeza a destinar en cada estancia ao longo do ano coa programación semanal dos traballos.

-Plan de seguridade e emerxencias adaptado ás instalacións a explotar polo licitador.

-Programa deportivo e plan de uso das instalacións concreto.

-Proposta de normativa de réxime interno.

-Medios de avaliación da calidade do servizo e da satisfacción do usuario.

-Plan de marketing e promoción. Neste apartado valorarase a adecuación dos medios propostos á especificidade da poboación de Arzúa e a súa zona de influencia, coa descrición das accións concretas a desenvolver coas asociacións e colectivos existentes en Arzúa e área de influencia, a proposta dos medios de promoción a empregar, así como a proposta concreta de accións, promocións, etc, a realizar cos distintos colectivos existentes actualmente na comarca.

-Manual (Procedementos, instrucións e formatos) de xestión de calidade, medio ambiente, seguridade e saúde laboral

-Plan de melloras.

Valorarase neste apartado a cantidade, calidade e idoneidade das melloras na xestión integral das instalacións obxecto de contrato.

-Acreditación de que a empresa ten implantadas normas de calidade, medio ambiente, seguridade e saúde laboral acreditables por organismos certificadores externos, acreditados á súa vez por ENAC; ou Proxecto de implantación das normas de calidade, medio ambiente, seguridade e saúde laboral acreditables por organismos certificadores externos.

### **SOBRE C: OFERTA ECONOMICA, que incluirá:**

- Reducción de subvención á explotación ofertada.
- Incremento do número de horas de actividades dirixidas gratuitas.
- Incremento do número de días de cesión das instalacións ó Concello.

\*Xustificación da estimación de custos e ingresos. O estudo xustificativo dos custos de explotación do servizo conterá, como mínimo as seguintes partidas:

- Gastos de consumos enerxéticos.
- Gastos de auga, lixo e sumidoiro, persoal.
- Subministración.
- Produtos de limpeza e produtos químicos.
- Mantemento e conservación.
- Publicidade.
- Amortización e investimento. Seguros.
- Administración e varios.
- Gastos xerais e beneficio industrial e I.V.E. ao tipo legal.
- Calquera outro gasto que o licitador considere necesario.

Para o estudo de ingresos os licitadores deberán realizar unha proxección do número de usuarios das instalacións cuns ingresos unitarios de acordo coas tarifas existentes na ordenanza municipal vixente.

- Aceptación ou mellora, no seu caso, das condicións de explotación propostas nos presentes pregos.

## CLÁUSULA 15ª.- CRITERIOS BASE PARA A ADXUDICACIÓN:

Os criterios de valoración das ofertas son os seguintes:

### A. CRITERIOS DEPENDIENTES DUN XUIZO DE VALOR (HASTA 49 PUNTOS):

#### A.1. PROXECTO DE XESTIÓN: (de 0 a 29 puntos).

O documento realizarase en papel A4 a unha cara, tamaño de letra 12, letra Arial, interliñado 1,5, texto xustificado, con un máximo de sesenta (60) follas, portadas e contraportadas incluídas.

#### A.2. PLAN DE MELLORAS: (de 0 a 20 puntos).

Trasladarase descrición detallada de cada unha das melloras propostas, en concreto, en materia social, en materia medioambiental e en materia de operatividade. Para a súa valoración terase en conta:

- En materia social: A maior adecuación ao contexto demográfico do concello e a súa incidencia en beneficio dos distintos colectivos usuarios das instalacións.
- En materia medioambiental: As que redunden nunha maior eficiencia enerxética e respecto polo medio ambiente no uso diario das instalacións.
- En materia de operatividade: As que conleven mellor xestión das actividades e das instalacións.

O documento realizarase en papel A4 a unha cara, tamaño de letra 12, letra Arial, interliñado 1,5, texto xustificado, con un máximo de vinte (20) follas, portadas e contraportadas incluídas.

### B. CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (HASTA 51 PUNTOS):

#### B.1. REDUCCIÓN DA SUBVENCIÓN A EXPLOTACIÓN: (de 0 a 40 puntos).

Asignarase a máxima puntuación á oferta de subvención máis baixa a aportar polo Concello, o resto das ofertas valoraranse según a seguinte fórmula ( $X = MO \times P / OV$ ), onde **X**: Puntos a asignar á oferta valorada; **MO**: Mellor oferta; **P**: Puntos asignados a este criterio (36); **OV**: Oferta a valorar.

Acompañarase dun estudo económico pormenorizado que xustifique a viabilidade da subvención ofertada dentro do devenir da concesión.

#### B.2. INCREMENTO DO NÚMERO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS GRATUITAS INCLUIDAS NO ABONO DA PISCINA CUBERTA: (de 0 a 7 puntos).

Asignarase a máxima puntuación ó maior número de horas semanais de programa de actividades (tanto de horas de actividades dirixidas de auga como de seco) por encima do límite previsto no Prego de Prescricións Técnicas, o resto de ofertas valoraranse de forma proporcional mediante aplicación dunha regra de tres.

#### B.3. INCREMENTO DO NÚMERO DE DÍAS DE CESIÓN Ó CONCELLO: (de 0 a 4 puntos).

Asignarase a máxima puntuación ó maior número de días de cesión de uso das instalacións o Concello de Arzúa, sempre adicionais os días de uso gratuito disposto no Prego de Prescricións Técnicas.

Valorase a cesión de **4 días con 4 puntos** (a maiores dos días de uso gratuito dispostos en Prego Técnico).

O resto da seguinte forma:

- Cesión de 3 días: valorarase con 3 puntos.
- Cesión de 2 días: valorarase con 2 puntos.
- Cesión de 1 días: valorarase con 1 punto.

O contratista terá que entregar a ANEXO IV cumplimentado indicando a súa oferta.

## **CLAUSULA 16ª.- MESA DE CONTRATACION.**

A Mesa de Contratación estará presidida polo/a Presidente/a da Corporación ou membro de esta en quen delegue, actuando como vocais, o/a concelleiro/a de facenda, pola secretario/a xeral e pola interventor/a municipal. A delegación na Presidencia da Mesa de Contratación no se poderá realizar a favor de ningún dos outros vogais membros, admitíndose a presenza nas reunións da Mesa, daqueles técnicos/a municipais ou expertos independentes externos que sexan requiridos polos vogais membros a efectos de asesoramento, non ostentando estes últimos, en ningún caso, a condición de vogais. Actuará como secretario/a un/unha funcionario/a da Corporación.

## **CLÁUSULA 17ª.- APERTURA DE PLICAS E CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.**

A. A Mesa de Contratación reunirse, ás doce horas no salón de Plenos do Concello, o quinto día posterior ó último sinalado para a presentación de proposicións (se este fora festivo ou non hábil, a apertura terá lugar no día hábil seguinte) ou no que se indique no Perfil do Contratante, seguidamente o Presidente da mesma declarará constituída a Mesa, para proceder a continuación, en primeiro lugar, a calificar os documentos administrativos (Sobre A) presentados en tempo e forma polos licitadores, excluindo os que non os aporten conforme ás existenciais deste Prego, e invitando ós membros da Mesa a formular observacións que se recollerán no Acta.

A esos efectos, o Presidente da Mesa, ordenará a apertura dun citado sobre A, con exclusión do sobre B e C (relativos a documentación dependente dun xuízo de valor e proposición e documentación cuantificable de forma automática) e o Secretario da mesma certificará a relación dos documentos que figuren en cada un deles.

Se a citada Mesa observara defectos materiais na documentación presentada, poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo superior a tres días hábiles para que o licitador subsane o error, debendo presentar dita documentación no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa.

O/os requerimento/os de subsanación de deficiencias publicaranse no Perfil do Contratante do Concello de Arzúa.

B. A continuación, o/a Secretario/a da Mesa, procederá en acto público á apertura da documentación dependente dun xuízo de valor (Sobre B), salvo que, se houbera otorgado o prazo de tres días, en cuxo caso a apertura producírase unha vez transcorrido dito prazo. A tal efecto, a celebración deberá ter lugar nun prazo non superior a 7 días a contar dende a apertura da documentación administrativa. Cando resulte precisa a subsanación de erros ou omisións na documentación mencionada, a mesa concederá para efectualo un prazo inferior o indicado o obxecto do que o acto de apertura poida celebrarse dentro del.

Neste acto só se abrirá o sobre correspondente os criterios no cuantificables automaticamente.

A tal efecto, a Mesa de Contratación poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos para a valoración da documentación contida no mesmo; así mesmo deixará constancia documental de todo o actuado.

C. Reunida de novo a Mesa de Contratación, darase a coñecer a ponderación asinada ós criterios dependentes dun xuízo de valor. A continuación procederase a apertura dos criterios cuantificables de forma automática (Sobre C). A valoración das distintas proposicións, clasificaranse en orde decrecente de valoración. A oferta económica dos licitadores rechazados non se aperturará.

D. A continuación, a Mesa de Contratación, previo informe Técnico, se o considera necesario, formulará proposta de adjudicación do contrato ó postor que xustificadamente se decida, sen que en ningún caso



teña que atenderse exclusivamente á oferta económica.

Cando entenda que alguna das proposicións podería ser calificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto ó efecto polo artigo 152.3 do TRLCSP, e en vista do seu resultado proporá ó órgano de contratación a súa aceptación ou rechazo, de conformidade co previsto no apartado 4 do mesmo artigo.

Fóra do caso previsto no párrafo anterior, proporá ó órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presentase a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas particulares que rexa a licitación. Naques casos no que, de conformidade cos criterios que figuren no prego, non resultase admisible ninguna das ofertas presentadas proporá que se declare deserta a licitación. De igual modo, se durante a súa intervención apreciase que se cometeu alguna infracción das normas de preparación ou reguladoras do procedemento de adxudicación do contrato, poderá expoñelo xustificadamente ó órgano de contratación, propoñendo que se declare o desestimento.

Mesa de Contratación elevará as proposicións presentadas xunto co acta e a propopsta de adxudicación ó órgano de contratación.

Será competencia do Órgano de Contratación a instrución das distintas fases do procedemento establecido.

Se establece un prazo de tres (3) meses a contar dende a apertura das proposicións, para ditar acordo resolutorio do procedemento, xa sexa adxudicando o contrato a proposición máis vantaxosa, sen atender exclusivamente ó valor económico da mesma, ou declarándoo deserto.

A proposta de adxudicación feita pola Mesa de Contratación non creará dereito algún a favor do empresario proposto fronte ó Organo de Contratación, mentras non se adxudicara o contrato por acordo do mesmo.

A Mesa de Contratación elevará as proposicións presentadas xunto coa acta e a proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

A adxudicación, unha vez acordada, será notificada ós participantes na licitación e publicarase no Boletín Oficial da Provincia en no Perfil do Contratante.

#### **CLÁUSULA 18ª.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.**

O órgano de contratación, á vista da proposta de adxudicación formulada pala Mesa de Contratación, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, e posteriormente, requirirá ao licitador que tivese presentado a oferta economicamente mais vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (de non telas presentado no sobre A).
- A documentación xustificativa de non ter débedas pendentes co Concello de Arzua.
- A documentación xustificativa de ter constituido a garantía definitiva.
- Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición de medios conforme ao artigo 64.2 que lle reclame o órgano de contratación.

Se no prazo concedido non se presentase a devandita documentación, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recadar a mesma documentación ao seguinte licitador pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumprimente o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60. 2. d) do TRLCSP.

#### **CLÁUSULA 19ª. ADXUDICACIÓN.**

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á data de recepción da documentación á que se refire a cláusula anterior.

A adxudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 da TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 da TRLCSP.

#### **CLÁUSULA 20ª.- PERFECCIONAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:**

Efectuada a notificación da adxudicación, o adxudicatario deberá achegar con carácter previo á formalización do contrato:

- a) Xustificante de abono da taxa por anuncios de licitación e adxudicación ata un importe máximo de DOUS MIL EUROS (2.000,00-€).
- b) Xustificarse tamén que se cubriu a responsabilidade civil e danos a terceiros cos requisitos establecidos na cláusula 29ª deste prego.
- e) Cando resulte adxudicataria unha unión temporal de empresas, ademáis, achegarase escritura pública da súa constitución e nomeamento de representante ou apoderado con poder bastante.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de QUINCE (15) DÍAS HÁBILES a contar dende a data de notificación da adxudicación, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares, das prescricións técnicas e do proxecto e oferta presentadas.

O documento no que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

Se por causa imputable ao adxudicatario non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a súa resolución, seguindo o procedemento establecido no artigo 109 do Regulamento xeral da LCAP. En tal suposto, procederá a incautación de garantía e a indemnización dos

danos e prexuízos ocasionados. Neste suposto, o Concello poderá optar entre adxudicar o contrato ao licitador ou licitadores seguintes, por orde de cualificación das súas ofertas, ou convocar nova licitación.

#### **CLÁUSULA 21ª.- DEVOLUCION DE FIANZAS.**

O trámite para a devolución da fianza definitiva acomodarse ao previsto no TRLCSP, establecerase o prazo de garantía desde a recepción ou conformidade ata os seis (6) meses.

#### **CLÁUSULA 22ª.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.**

Cesión (Artigo 226 TRLCSP)

1. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou personais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato, e da cesión non resulte unha restricción efectiva da competencia no mercado. Non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración sustancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

2. Para que os adxudicatarios poidan ceder os seus dereitos e obrigacións a terceiros deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.

b) Que o cedente teña executado ó menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que factura a súa explotación durante ao menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión prodúcese encontrándose o adxudicatario en concurso aínda que se aperturara a fase de liquidación.

c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito esixiu ó cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.

d) Que a cesión formalícese, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.

3. O cesionario quedará subrogado en tódolos dereitos e obrigas que corresponderían ó cedente.

De conformidade co disposto no artigo 102.4 del TRLCSP, no caso de cesión do contrato non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se constituira legalmente a do cesionario.

#### **Subcontratación**

A subcontratación só poderá recaer sobre prestacións accesorias, en cumprimento do previsto no artigo 289 do TRLCSP. Terán a consideración de prestacións accesorias a contratación de limpeza, seguridade, vixianza, máquinas expendedoras, etc. En ningún caso terán esta consideración as prestacións de carácter deportivo.

O concesionario quedará sometido o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 227, 228 e 228 bis do TRLCSP.

A infracción destas condicións, así como a falla de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, poderá

dar lugar, en todo caso, á imposición ó contratista dunha penalidade de hasta un 5% do importe do presuposto do contrato.

### **CLÁUSULA 23ª.- GASTOS E CARGAS FISCALES.**

O adxudicatario estará obrigado a pagar o importe total dos gastos correspondentes aos anuncios da licitación e demais que xere o procedemento de adxudicación. Este importe deberá ser ingresado polo adxudicatario na Tesourería Municipal previamente á sinatura do contrato.

No caso de elevación a público o contrato administrativo da concesión, os custos correspondentes serán asumidos totalmente polo adxudicatario.

A empresa adxudicataria estará obrigada ao pago de tódolos impostos, tarifas, gravames de calquera clase que correspondan ao contrato, aos seus bens e actividades.

### **CLÁUSULA 24ª.-DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES.**

#### **A) DA ADMINISTRACIÓN TITULAR DEL SERVICIO:**

##### **Obrigas:**

- a) Indemnizar ó concesionario en caso de asumir directamente a Administración a xestión do servizo ou da supresión deste.
- b) Pór a disposición do concesionario os bens e instalacións que se conveñan.
- c) Outorgar ó concesionario a protección axeitada para a prestación do servizo.
- d) Responder ante terceiros, con carácter subsidiario, dos danos derivados do funcionamento do servizo, en caso de insolvencia do concesionario.
- e) Cumprir o resto de obrigas correlativas ós dereitos do concesionario.
- f) Aquelas outras obrigas que resulten do contrato.

##### **Dereitos:**

- a) Interpretalos contratos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- b) Modificalos contratos por razóns de interese público debidamente xustificadas, dacordo co previsto no Título V do Libro I.
- c) Restablecelo equilibrio económico da concesión a favor do interese público, na forma e coa extensión prevista no artigo 282 do TRLCSP.
- d) Acordala resolución dos contratos nos casos e nas condicións que se establecen nos artigos 223, 224, 225, 286 e 287 do TRLCSP.
- e) Establecer, no seu su caso, as tarifas máximas pola utilización do servizo público.
- f) Vixiar e controlar o cumprimento das obrigas do concesionario, a cuxo efecto podera inspeccionar o servizo, as suas obras, instalacións e locais, así como a documentación, relacionados co obxecto da concesión.

- g) Asumir a explotación do servizo público nos supostos en que se produza o secuestro da concesión.
- h) Impoñer ó concesionario as penalidades pertinentes por razón dos incumprimentos en que incurra.
- i) Exercer as funcións de policía no uso e explotación do servizo público que se establezan na lexislación sectorial específica.
- j) Impoñer con carácter temporal as condicións de utilización do servizo público que sexan necesarias para solucionar situacións excepcionais de interese xeral, aboando a indemnización que no seu caso proceda.
- k) Calesquera outros dereitos recoñecidos nas leis, así como nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares e no resto da documentación contractual.

## **B) DO CONCESIONARIO:**

### **Dereitos Xenerais do contratista.**

Co obxecto de garantizalos principios de continuidade e regularidade na prestación do servizo nos termos convidados, o concesionario terá dereito a:

1. Explotar o servizo con arreglo ás determinacións contractuais e durante o prazo fixado.
2. Obter a protección adecuada para que poida prestar o servizo debidamente.
3. Utilizalos bens de dominio público necesarios para servizo.
4. Recabala actuación da Corporación local a fin de que o concesionario poida acceder e utilizar os bens de terceiros precisos para o funcionamento do servizo, isto é, e de conformidade co disposto no artigo 128.4 do RSCL, recabar de aquela os procedementos de expropiación forzosa, imposición de servidumes e desahucio administrativo para a adquisición do dominio, dereitos reais o uso dos bens precisos para o funcionamento do servizo.

### **Obrigas Xerais do contratista.**

Con carácter xeral, o contratista está suxeito ó cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir ós particulares o dereito a utilizalo con arreglo ás determinacións contractuais e durante o prazo fixado e mediante o abono, no seu caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.

Establécese como excepción os supostos de:

1. Forza maior, entendendo por estes os previstos no artigo 231.2 do TRLCSP: - Os incendios causados pola electricidade atmosférica.
  - Os fenómenos naturais de efectos catastróficos, como maremotos, terremotos, erupcións volcánicas, movementos do terreo, temporais marítimos, inundacións ou outros semellantes.
  - Os destrozos ocasionados violentamente en tempo de guerra, roubos tumultuosos ou alteracións graves do orde público.
2. Si do incumprimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Administración no decidise a resolución do contrato, poderá acordala intervención do mesmo ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á

Administración os danos e perxucios que efectivamente lle irrogara. (artigo 285 do TRLCSP).

b) Coidar do bo orde do servizo, podendo ditalas oportunas instrucións, sen perxucio dos poderes de policía da Administración.

c) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

d) Respetar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos contratos de subministro consecuencia do de xestión de servizos públicos.

e) Manter en bo estado as obras, instalacións, bens e medios auxiliares aportados pola Administración, no seu caso.

f) Non enaxenar bens afectos á concesión que revertirá á Entidade concedente, nin gravalos nin especialmente hipotecalos, salvo autorización expresa da Corporación.

g) Non destinar as obras, instalacións e outros bens adscritos ó servizo a cometidos distintos dos vinculados ó mesmo.

h) Será responsabilidade do adxudicatario a presentación e trámite de tanta documentación sexa necesaria para adecuala prestación do servizo ás exixencias normativas a que houber lugar e para as cales sexa requerido pola Administración Xeral do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia ou os Servizos Municipais.

e) O contrato executarase con suxección ó Prego de Prescripciones Técnicas e ó de Cláusulas Administrativas Particulares, e dacordo coas instrucións que para a súa interpretación dera o órgano de contratación ó contratista.

O contratista está suxeito ás obrigacións e responsabilidades e goza dos dereitos recollidos no prego, ademáis dos que se derivan do ordeamento xurídico, con carácter xeral ou en relación co obxeto do contrato.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

i) A obriga de establecer e manter os medios suficientes para garantizala correcta execución do contrato durante a vixencia do mesmo.

j) O adxudicatario e o persoal encargado da realización das tarefas, gardarán secreto profesional sobre todas as informacións, documentos e asuntos ós que teña acceso ou coñecemento durante a vixencia do contrato, estando obrigados a non facer públicas ou enaxenar cantos datos coñeza como consecuencia o con ocasión da súa execución, incluso despois de finalizalo prazo contractual.

k) O persoal da empresa adxudicataria, non debe incluírse no ámbito de dirección e organización de servizos municipais, non deben realizar funcións, que impliquen dependencia orgánica municipal, limitándose a cooperar nos servizos complementarios adxudicados, baixo a supervisión e fiscalización do municipio, como empresa allea ás relacións laborais co Concello.

l) O contratista deberá respectar, durante a duración do prazo do contrato, dez (10) anos, o carácter confidencial da información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, a cal se especifica, no seu caso, no mesmo apartado, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

ll) Os dereitos e obrigas das partes serán o resultado da documentación contractual e da normativa aplicable.

m) Son de conta do contratista os gastos e impostos, anuncios, xa sexan en Boletíns, Diarios Oficiais, ou en calquera medio de comunicación, os de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública, así como de cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan en orde á execución do contrato. Asimismo, virá obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xerais, financeiros, de seguros, de transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios de persoal ó seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, o IVE e calquera outros que puideran derivarse da execución do contrato durante a vixencia do mesmo.

#### **CLÁUSULA 25ª.- REVISIÓN DE PREZOS.**

Non se admite a revisión dos prezos, de conformidade co establecido no artigo 89 do TRLCSP, na redacción dada pola Lei 2/2015, de 30 de Marzo, de Desindexación da Economía Española.

Igualmente, non procede porque atendendo ó disposto no artigo 32 da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración e calquera outra actuación das Administracións Públicas deberán valorar as súas repercusións e efectos, de forma que se garantice a sustentabilidade presupuestaria.

#### **CLÁUSULA 26ª.- REVERSIÓN.**

Cando remate o prazo contractual o servizo reverterá á administración, debendo o contratista entregar as instalacións, maquinaria, e, en xeral, tódolos elementos comprendidos na concesión administrativa, no estado de conservación e funcionamento axeitados e libres de calquera carga e gravame. Tamén reverterán ao Concello estes bens ao extinguirse o contrato por calquera outra causa.

As instalacións, maquinaria, e, en xeral, tódolos elementos comprendidos na concesión administrativa, reverterán ao Concello sen indemnización algunha, cando a amortización se abonara íntegramente e o resto, previo pago das amortizacións pendentes.

A estes efectos formalizarase un inventario de todos e cada un dos elementos e instalacións cos que se comece a prestar o servizo. Este inventario manterase ao día, efectuando as inclusións ou exclusións que procedan, das que, en todo caso, o concesionario dará coñecemento ó Concello no momento no que se realicen.

No primeiro trimestre de cada ano concretarase o estado de situación do inventario, sinalándose o valor de todas e cada unha das súas partidas, referidas ao ano anterior, con expresión das cantidades amortizadas e das pendentes de amortización, mediante acta asinada por ambas partes para que o Concello poida incluír ou excluír nas rectificacións anuais que procede realizar o inventario de Bens desta entidade local conforme ao artigo 23 nº1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Durante un período de doce (12) meses anterior á finalización da concesión o órgano competente da administración adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións convidadas, para o que nomeará un interventor técnico do servizo.

## **CLÁUSULA 27ª.- EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO.**

Son causas de resolución do contrato de concesión, ademais do vencemento do prazo, as establecidas nos artigos 223 e 286 do TRLCSP.

Así mesmo poderase rescindir a concesión e procederá a declaración de caducidade, cando, levantado o secuestro, o concesionario incorrera de novo nas infraccións que o determinaran ou en outras semellantes, e cando incorra o concesionario en infracción moi grave das súas abrigas esenciais. Constituirá infracción moi grave a reiteración e a reincidencia en infraccións de carácter grave das súas abrigas esenciais.

**Aplicación das causas de resolución e efectos:**

A aplicación das causas de resolución e os seus efectos regularanse de acordo co establecido nos artigos 224 e 225 do TRLCSP (aplicación das causas e efectos da resolución dos contratos en xeral), e co establecido nos artigos 287 e 288 do TRLCSP (Aplicación das causas e efectos da resolución dos contratos de xestión de servizos públicos).

O Concello non asumirá os contratos de traballo futuro que puidera concertar o adxudicatario para o exercicio da actividade empresarial, sen que, por tanto, poida, en forma algunha, entenderse que a finalización do contrato ou rescate da concesión implica a sucesión de empresa prevista no artigo 44 do Estatuto dos traballadores.

En consecuencia, todo o persoal que o adxudicatario contrate nun futuro para a prestación do servizo será da súa exclusiva conta e cargo, non derivándose responsabilidade respecto del, nin para o Concello nin para futuros contratistas.

O adxudicatario formulará cos seus operarios o contrato de traballo de acordo coa lexislación vixente, quedando exento o Concello de calquera responsabilidade por incumprimento que os contratistas puideran facer das ditas disposicións, aínda no suposto de que as medidas que no seu caso se adopten sexan consecuencia directa ou indirecta do cumprimento, incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O contratista debe observar o disposto en calquera outra disposición de carácter sectorial que poida afectar aos servizos obxecto do contrato e á súa execución. Tamén deberá observar a normativa reguladora das relacións laborais, de seguridade social, e de prevención dos riscos laborais.

Durante a vixencia do contrato o concesionario está obrigado a comunicar previa e expresamente ao Concello as vacantes e variacións de persoal que poidan producirse (tales como vacacións, baixas por incapacidade temporal, suspensións de ocupación, extinción de contratos, etc.)

En ningún suposto o número de traballadores destinados aos servizos obxecto do presente contrato será inferior ao que figure na oferta do concesionario, respectándose, como mínimo, as categorías laborais ofertadas.

Os convenios do centro de traballo que o adxudicatario asine cos traballadores serán comunicados ao Concello.

**Transitoriedade na extinción por vencemento do termo:**

Cun ano de antelación á data de finalización do contrato, o Concello poderá designar un interventor



técnico que ditamine sobre o estado das instalacións e materiais asignados aos servizos, que deban de reverter ao Concello cando finalice a concesión. Este interventor propondrá as reparacións que sexan necesarias para mantelas en bo estado de uso e a empresa concesionaria estará obrigada a realizalas.

Atendendo ás características do investimento e á duración da concesión, chegando ao seu termo final operará gratuitamente a reversión, quedando tódolos medios materiais en pleno dominio e posesión do Concello de Arzua, en condicións normais de uso e sen que iso implique indemnización por ningún concepto.

#### **CLÁUSULA 28ª.- RÉXIME SANCIONADOR.**

O concesionario e os seus empregados deberán prestar o servizo con eficacia, precisión e seguridade e ininterrompidamente, na forma prevista neste prego e no de condicións técnicas, e someténdose ás instrucións que lle dite o Concello de acordo coas súas facultades, incluso no caso de circunstancias sobrevidas e imprevisibles.

Debido ao carácter público dos servizos que se contratan e co obxecto de garantir o bo funcionamento dos mesmos, os incumprimentos do concesionario no desenvolvemento do servizo serán sancionados polo Concello, cualificándose as infraccións en moi graves, graves e leves.

As sancións clasifícanse en LEVES, GRAVES e MOI GRAVES.

Para o acordo e imposición das faltas GRAVES e MOI GRAVES tramitarase procedemento sancionador coas seguintes garantías formais: incoación do expediente con nomeamento de instrutor e secretario, período de instrución e proba, prego de cargos polo instrutor, audiencia do concesionario por dez días hábiles, proposta de sanción polo instrutor, alegacións do concesionario por outros dez días e no seu caso, resolución sancionadora que tamén poderá declarar a resolución do contrato.

Constitúe infracción sancionable o incumprimento por acción ou omisión dos deberes contractuais.

A comisión dun feito ou conduta constitutiva de infracción, implicará a incoación do preceptivo expediente, tramitándose de acordo co disposto nos artigos 127 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para a resolución destes expedientes sancionadores, será competente O Pleno cando se trate de infraccións moi graves, correspondendo esta potestade ao alcalde, ou persoa en quen delegue, para os supostos de infraccións cualificadas como leves ou graves.

As sancións ou penalizacións deberán gardar a necesaria proporcionalidade coa gravidade dos feitos constitutivos da infracción e graduaranse atendendo ós seguintes criterios:

- \* A transcendencia social da infracción.
- \* A natureza e contía dos prexuízos causados.
- \* A existencia de reiteración ou de reincidencia.

As sancións ou penalizacións que se impoñan serán independentes entre si e, polo tanto, acumulativas, e entenderanse sen prexuízo de que o concesionario deba reparar as deficiencias ou defectos observados, así como os danos e prexuízos ocasionados.

Sen prexuízo do que dispón a lexislación vixente respecto á posibilidade de intervención e resolución contractual pola comisión de faltas cualificadas de graves ou moi graves, o adxudicatario acepta expresamente que poida ser sancionado pola comisión de infraccións coas seguintes contías:

- Infraccións cualificadas de leves ..... ata 300,00 euros.
- Infraccións cualificadas de graves ..... entre 300,01 e 1.000 euros.
- \* Infraccións cualificadas de moi graves ..... entre 1.000,01 e 10.000 euros.

Terán a consideración de infraccións leves:

- O incumprimento de deber de comunicar e remitir ao Concello en forma e prazo o expresamente previsto neste prego.
- A falla de uniforme regulamentario no persoal, ou o estado indecoroso do mesmo.
- Omitir o aviso as servizos técnicos da avaría dun equipo durante a prestación do servizo.
- Consideraranse tamén infraccións leves aquelas actuacións ou omisións que, non estando tipificadas con outro grao, infrinxan dalgún xeito as condicións establecidas nos pregos, que afecten ao normal desenvolvemento da prestación dos servizos sen causar aos usuarios ou á administración prexuízos ostensibles.

Terán a consideración de infraccións graves:

- A perturbación do servizo que poña en perigo a xestión adecuada ou lesione os intereses dos usuarios.
- A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións leves.
- A falla de respecto ao público, inspectores municipais ou axentes da autoridade.
- O altercado ou rifas entre os empregados durante o desempeño do servizo.
- Incumprimento de acordos ou decisións da inspección municipal sobre variacións de detalle dos servizos.
- A reincidencia en valoracións cualificadas como deficientes no capítulo de Control de Calidade do Servizo.
- A non prestación de servizos programados, aínda que previamente foran comunicados ao Concello.
- Desobediencia ás ordes emitidas polo Concello relativas á prestación dos servizos.
- Os defectos graves na conservación das instalacións.
- A interrupción inxustificada na prestación do servizo.
- O retraso reiterado no comezo e finalización do servizo.
- O trato incorrecto aos usuarios do servizo, denunciado por escrito, ao menos dúas veces, cando non revestise infracción moi grave.
- O incumprimento das obrigas laborais e sociais para co persoal que empregue.
- Non dispor dentro das instalacións dos equipos de seguridade, primeiros auxilios e socorrismo que esixan as normas correspondentes.
- Que se produzan queixas reiteradas, polo menos dúas veces ó mes, por escrito, polos usuarios, referidas á temperatura da auga, estado de limpeza e hixiénico-sanitario das instalacións, ou outras deficiencias no servizo, imputables ao adxudicatario.
- Que se produzan queixas reiteradas, polo menos dúas veces ó mes, por escrito, polos usuarios, nas actividades deportivas, cursos de ensino de natación, ou actividades de promoción desta que desenvolva o concesionario.
- Non prestar a súa colaboración na organización de actividades deportivas, recreativas e de ensino.

A comisión de dúas ou máis faltas leves nun prazo de 12 meses. Terán a consideración de Infraccións moi graves:

- A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións cualificadas de graves nun prazo de 12 meses.

- A demora no inicio da prestación dos servizos superior a un día, sempre que non existira causa de forza maior.
- A non utilización dos medios materiais e humanos ofertados, tanto en número como en categoría profesional.
- A reiteración na non prestación de servizos programados, aínda que previamente foran comunicados ao Concello.
- Desobediencia reiterada das ordes escritas emitidas polo Concello relativas á prestación dos servizos.
- A coacción, ameaza ou a mera tentativa de represalia, efectuada por calquera persoa adscrita á contrata, contra os funcionarios habilitados para o servizo de inspección ou cidadán afectado polo servizo.
- A percepción por parte da empresa concesionaria ou de calquera empregado da mesma dalgunha remuneración, canon ou graza por parte dos usuarios fóra das previstas neste prego.
- O incumprimento das prescricións sanitarias ou das ordes do Concello para evitar situacións insalubres, molestas ou perigosas para a veciñanza ou para os propios operarios dos servizos.
- A ocupación dun equipo en tarefas distintas ás propias da concesión.
- A modificación dun servizo sen causa xustificada e sen notificación previa aos servizos municipais.
- A non constitución ou concertación con terceiros do Servizo de Prevención de Riscos.

O adxudicatario é responsable dos danos e prexuízos ocasionados ó Concello e a terceiros polas infraccións cometidas na prestación do servizo, obrigándose ó aboamento inmediato e á reparación dos ditos danos e prexuízos.

O órgano administrativo, ao tempo que impón a sanción, valorará os prexuízos e ordenará ao adxudicatario as medidas adecuadas para reparar o dano causado.

Poderá declararse a extinción da concesión, cando se incorra nos supostos previstos no TRLCSP, e cando se produza reincidencia ou reiteración de infraccións cualificadas de moi graves nos presentes pregos, así como polo incumprimento das obrigas do concesionario.

Nestes casos, a resolución do contrato esixirá o acordo e declaración expresas pola Xunta de Goberno Local, que será quen determine o cese da xestión do concesionario con incautación dos elementos da empresa afectos ao servizo, para asegurar a súa prestación, procedendo aboar a indemnización que se fixe, ou a convocar licitación para adxudicar novamente a concesión e indemnizar ó concesionario extinguido co produto desta.

#### PRESCRICIÓN E CADUCIDADE DAS INFRACCIÓNS:

As infraccións tipificadas como leves prescribirán no prazo de seis (6) meses, as tipificadas como graves ós dous (2) anos e as tipificadas como moi graves ós tres (3) anos.

O procedemento deberá ser resolto e notificarse a resolución que proceda ao interesado no prazo máximo de seis (6) meses dende a súa iniciación, producíndose a súa caducidade na forma e xeito previstos na lexislación do procedemento administrativo común. Non obstante o anterior, o instrutor do expediente poderá acordar a suspensión do prazo máximo para resolver cando concorra algunha das circunstancias previstas para elo na lexislación vixente.

## **CLÁUSULA 29ª.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.**

O concesionario será responsable diante do órgano de contratación das consecuencias derivadas da execución ou resolución dos contratos que asine con terceiros, e responsable así mesmo único fronte a estes das mesmas consecuencias.

O concesionario será tamén responsable de tódolos danos, prexuízos ou accidentes de toda natureza que sexan causados a terceiros polo seu persoal, pola súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos obxecto do contrato, estando obrigado á súa indemnización como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables ao Concello.

O adxudicatario deberá ter contratado ao comezar a prestar o servizo unha póliza de seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros, cunha compañía aseguradora legalmente constituída, de acordo co previsto a continuación. O Concello poderá esixir en calquera momento xustificación documental de encontrarse en vigor os seguros.

O adxudicatario deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil que garanta as responsabilidades que se poidan derivar por danos e prexuízos que se causen tanto ao Concello como a terceiros en xeral como consecuencia da execución dos servizos.

Esta póliza deberá incluír as garantías seguintes:

- Responsabilidade civil de explotación.
- Responsabilidade civil patronal.

Os límites de indemnización deberán ser como mínimo de 1.000.000 euros. O sublímite por vítima no R. C. patronal non deberá ser inferior a 90.000 euros.

O concesionario deberá manter como mínimo as coberturas seguintes:

- Responsabilidade civil de subscripción obrigatoria para tódolos vehículos que sexan utilizados na execución do servizo.

O concesionario e os subcontratistas deberán ter dadas de alta na Seguridade Social a tódalas persoas que interveñan nos servizos así como cumprir coas esixencias de seguros de vida e accidentes que determinen os convenios sectoriais ós que pertencen.

- Calquera outro seguro que poida serlle esixido pola lexislación vixente ou convenio colectivo ao longo do contrato.

En todo caso, serán soportados polo adxudicatario os danos e prexuízos na contía da franquía, cuxo máximo será de 1.000 euros, e no que se superen os límites que se establezan nas pólizas de seguros, así coma nos bens e riscos non cubertos nas mesmas.

Ademais, deberá subscribir un seguro multirrisco sobre o contido e o continente do edificio e instalacións obxecto do presente contrato.

O tomador do seguro acreditará estar ao corrente de pago das pólizas subscritas, presentando os recibos orixinais correspondentes no momento da sinatura do contrato. Nos exercicios sucesivos ao vencemento da póliza deberá presentar o documento acreditativo da súa renovación e pago.

Nas pólizas que aseguren a responsabilidade civil e a de multirrisco farase mención expresa de que non poderán ser canceladas sen o consentimento expreso do órgano de contratación.

Deberá detallarse nas proposicións concorrentes á licitación, os riscos obxecto de cobertura. O seguro antes requirido ten carácter independente respecto a aqueles outros seguros que deberá subscribir o concesionario para garantir os posibles danos que os equipos materiais adscritos ao servizo puideran ocasionar.

**CLÁUSULA 30ª.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN. REVISIÓN DE DECISIONS E TRIBUNAIS COMPETENTES.**

O órgano de contratación ostentará, de conformidade co disposto no artigo 210 do TRLCSP, a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificarlos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta. En todo caso darase audiencia ó contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 do citado corpo legal.

## ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

### ANEXO I.

#### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

DON/DONA..... con domicilio en ..... CP....., provisto de D.N.I. nº ..... en nome propio ou en nome e representación de.....

**SINALA** como datos do/a licitador/a os seguintes: Nome e apelidos ou denominación social.....

NIF.....teléfono .....

fax.....correo electrónico.....

Enderezo para notificacións.....

**MANIFESTA** a súa vontade de participar na licitación do contrato de.....

.....

**SOLICITA** que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e

#### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
2. Que quen asina esta declaración, no caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.
3. Que coñece e acepta incondicionalmente, sen excepción nin reserva algunha, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas, e a restante documentación de carácter contractual que regula esta licitación.
4. Que a licitadora ten plena capacidade de obrar e que conta con habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, é exigible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.
5. Que nin o asinante desta declaración, nin a licitadora á que representa, nin ningún dos seus

administradores ou representantes, se atopa comprendido en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

6. Que a licitadora reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional, ou no seu caso, a clasificación profesional, que resultan necesarias conforme ao establecido no prego.

7. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, segundo os seus estatutos ou regras funcionais.

8. Que comprométome a adscribir á ecuación do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin que, no seu caso, esixa o prego.

9. Que no suposto de ser requirida a licitadora en calquera momento anterior á adopción da proposta de licitación, presentarei a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicataria do contrato.

10. Que no suposto de que a licitadora sexa proposta como adxudicataria do contrato acreditarei, previo requirimento do órgano de contratación, a posesión e validez dos documentos exixidos segundo os artigos 146 y 151.1 do TRLCSP e o que resulte pertinente segundo o disposto neste prego.

11. Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da licitadora ningún alto cargo aos que se refire a Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bon goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma.

12. Que nin o asinante desta declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da licitadora á que represento, é cónxuxe, ou persoa unida por análoga relación de afectividade, ou descendente das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que respecto destes últimos ditas persoas ostenten a súa representación legal).

13. Que a licitadora:

- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

- Atópase ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e das obrigas coa Seguridade Social

impostas pola normativa vixente.

- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Arzúa, ou que si as ten, atópanse garantidas.

14. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgún dos seguintes rexistros (indicando o no de rexistro) e que as circunstancias que nel figuran inscritas para poder ser admitido á licitación neste procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

-Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co no..... -Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co no..... -Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, co no...  
-Outros:.....

15. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RGLCAP (marcar cunha X o que proceda):

oNon se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 del Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos en dito artigo.

oEncontrarse incurso no suposto..... (indicar previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de empresas.....ou estar integrada por algún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no

artigo 42.1 do Código de Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas que concorre algún dos supostos alternativos establecidos en dito artigo en relación a algún dos seus socios):

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....
- 7.....
- 8.....
- 9.....
- 10.....
- 11.....
- 12.....



16. Que no caso de pertencer a licitadora a un grupo de empresas, comprométome a presentar, ou no seu caso facilitar, canta información lle sexa solicitada.

17. No caso de Unión Temporal de Empresas, indico a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, dirección, teléfono e fax de contacto.

18. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitaria ou non comunitaria), sométese á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia si é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitador (art. 146.1.d del TRLCSP).

Lugar, data e sinatura.

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA**

**ANEXO II.**

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR**

DON/DONA..... con  
DNI..... teléfono..... e domicilio na  
rúa..... no.....  
 piso..... C.P..... provincia..... en nome propio ou  
representación da empresa..... con  
NIF..... teléfono..... sendo PROPOSTA  
COMO ADXUDICATARIA DO CONTRATO  
de.....  
.....

**DECLARA:**

- - que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.
- - que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Arzúa, ou que si as ten, atópanse garantidas. Arzúa, a ..... de ..... de 201.....
- Asdo:

**ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA**

**ANEXO III.**

**AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE ARZÚA**

O/A abaixo asinante autoriza ao Concello de Arzúa a obter da Base de datos de Xestión Tributaria e de Recadación da Deputación Provincial os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias e da súa situación de débedas con dito Concello.

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos de .....

**A. DATOS DO/A SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ Sinatura:

**B. DATOS DO/A AUTORIZADOR/A (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA)**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ACTÚA EN CALIDADE DE: \_\_\_\_\_ Sinatura:

Arzúa, a ..... de ..... de 201.....

Asdo:

**ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA**

## ANEXO IV.

### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

“D./Da..... , con domicilio en  
..... rúa.....  
e D.N.I. ...., en nome propio ou en representación da empresa  
..... , con domicilio en  
..... , rúa ..... C.P.....  
Teléfono ..... e C.I.F.....

#### DECLARO

I. Que quedei informado/a do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº..... de data ..... (ou no Diario Oficial de Galicia nº..... de data .....) que ten por obxecto a contratación por procedemento aberto da: XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO, NA SÚA MODALIDADE DE CONCESIÓN DA PISCINAS, CUBERTA E DESCUBERTAS DO CONCELLO DE ARZUA.

II. Que igualmente coñezo o prego de condicións técnicas, o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación que debe rexer o presente contrato, que expresamente asumo e acato na súa totalidade, sen salvidade algunha.

III. Que a empresa á que represento, cumpre con tódolos requisitos e obrigas esixidos pola normativa vixente para a súa apertura, instalación e funcionamento.

IV. Que así mesmo me obrigo ó cumprimento do lexislado ou regulamentado en materia laboral e tributaria.

V. Que ofrece unha subvención á explotación por importe de .....€ anuais.

VI. Que ofrece un incremento do **número de horas gratuitas** de actividades dirixidas para Abonados de ..... horas semanais.

VII. Que ofrece un incremento do **número de días de cesión das instalacións** o Concello de ..... horas anuais.

VIII. Que autorizo ó Concello de ARZUA a remitirme as notificacións que procedan con respecto ao presente contrato por medio de fax, cuxo número detallo a continuación.....

Lugar, data e sinatura.

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA**

**ANEXO V.**

**AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN**

DON/DONA..... con  
D.N.I.....teléfono..... e domicilio na  
rúa.....  
no..... piso..... C.P..... provincia..... en nome propio ou en  
representación da empresa..... con  
NIF..... teléfono ..... á que representa no  
procedemento de adxudicación do contrato  
de .....

**AUTORIZA** á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

Arzúa, a ..... de ..... de 201.....

Asdo:

**ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA**

**ANEXO VI.**

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES**

DON/ DONA.....con DNI nº:....., en nome propio ou en representación da empresa....., con NIF:....., inscrita no Rexistro de Licitadores de.....co no..... sendo PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA do contrato de.....  
.....

**DECLARA:**

A) Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores non teñen sufrido alteración en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado do Rexistro.

B) Que dos datos desta empresa anotados no Rexistro de Licitadores teñen sufrido variación os que a continuación se indican, segundo se acredita mediante os documentos que se achegan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado do Rexistro.

Datos que teñen sufrido variación:

Documentación xustificativa que se achega:

Arzúa, a ..... de ..... de 201.....

Asdo:

**ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA**